

RESOLUCIÓN de 31 de Outubro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa «OBSERVA_ACCIÓN» durante o curso escolar 2018/19, que se levará a cabo en Galicia, en colaboración con outras Comunidades Autónomas do Estado Español e con outras institucións a nivel internacional.

A Lei orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio, no seu título III, capítulos III e IV, referidos á formación e ao recoñecemento, apoio e valoración do profesorado, e nos artigos 102, 103 e 105, establece que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. Así mesmo, establece que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuíta e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

O Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, pon de manifesto entre outros aspectos, que a Rede de Formación será a responsable da organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sustentados con fondos públicos. Apoiada na análise desta realidade docente, xunto cos cambios desenvolvidos na sociedade actual, coa presenza das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) en todos os ámbitos da vida, adaptarse ao contexto sociocultural e lingüístico, será coherente coas suxestións de organismos internacionais e colaborará con outras institucións no ámbito educativo.

Ademais diso a Consellería de Cultura Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, estableceu en maio 2015 o seu Modelo de Competencias Profesionais Docentes, no que se recollen todos os ámbitos nos que a docencia de excelencia deberá basear a súa práctica e que se converten polo tanto en liñas prioritarias de formación nesta Comunidade.

Dacordo con isto a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e en colaboración coa *Dirección General de Innovación y Equidad Educativa de la Consejería de Educación de la Junta de Castilla y León* participou con carácter experimental no programa





«Observa_Acción: Formación para el desarrollo profesional docente a través de la observación, el intercambio y la formación en la acción educativa» durante o curso 2017/18.

Dada a experiencia e valoración positiva do devandito programa de innovación educativa e a transferencia á práctica docente, neste curso académico amplíase a colaboración á *Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa de la Consejería de Educación y Cultura del Principado de Asturias* e á *Dirección General de Educación de la Consejería de Educación, Formación y Empleo de La Rioja*.

Así mesmo, na resolución do 13 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de Plans de Formación Permanente do Profesorado (*de agora en diante PFPP*) que se levarán a cabo en centros educativos públicos no curso 2018/19 establécese dentro da liña f) a “*Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros*” mediante actuacións formativas, a través da observación, da avaliación e da auto-reflexión sobre a práctica docente.

En consecuencia:

RESOLVO

Primeiro. *Obxecto e finalidade*

1. A presente resolución ten por obxecto establecer o programa de innovación educativa «OBSERVA_ACCIÓN: Innovación docente dende a observación e o intercambio entre iguais», durante o curso escolar 2018/19.

2. Este programa ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.



Segundo. *Obxectivos do programa*

Os obxectivos que se perseguen con este programa son os seguintes:

- a) Experimentar novas vías de formación do profesorado e favorecer a innovación educativa entre os docentes de centros educativos de Galicia, así como con outros centros doutras Comunidades Autónomas e doutros países socios en proxectos internacionais.
- b) Facilitar ao profesorado e aos membros do equipo directivo dun mesmo claustro a posibilidade de observar de forma directa metodoloxías, distintos enfoques didácticos nos procesos de ensino-aprendizaxe, outras formas de relación e comunicación, ou diferentes vías de xestión dos recursos propios e alleos, fomentando a adaptación e a aplicación do aprendido na súa praxe diaria.
- c) Fomentar o traballo en equipo de grupos de profesores cun interese común incluíndo a observación activa da práctica docente de todos os seus membros, o intercambio de boas prácticas, a reflexión, a formación metodolóxica sobre aspectos innovadores nos procesos organizativos e didácticos e a realización de proxectos de forma conxunta.
- d) Potenciar o traballo conxunto entre centros educativos con intereses compartidos, establecendo irmandades que fomenten a reflexión sobre aspectos organizativos, metodolóxicos e formativos innovadores en beneficio do alumnado.
- e) Favorecer a internacionalización dos centros educativos, abrindo as súas portas a proxectos transfronteirizos, tanto no Estado español coma fóra del, fomentando a integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa propia práctica docente.
- f) Tecer redes de intercambio tanto entre docentes como entre equipos directivos de centros educativos con proxectos comúns e diversos que fomenten o apoio mutuo e a cooperación permanente.

Terceiro. *Destinatarios do proxecto, programa e perfís de participación*

1. O programa *Observa_Acción* vai dirixido a centros educativos públicos que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria ou secundaria, que participarán nel a través de asociacións de centros. De cada centro participarán neste programa de innovación cinco persoas do claustro, incluído un membro do equipo directivo.



2. En cada centro estableceranse automaticamente dúas modalidades de observación paralelas que serán desenvolvidas por dous perfís diferentes:

- Unha persoa representante do equipo directivo cooperará con persoas responsables dos equipos directivos dos centros irmandados en observación relativa a competencias para o liderado, xestión de recursos propios e alleos, estratexias comunicativas e colaborativas.
- O grupo de persoas docentes cooperará co profesorado dos centros irmandados en observación relativa ás Competencias Profesionais Docentes nas que fose detectada unha necesidade específica ou compartindo boas prácticas de innovación educativa que estean a desenvolver e que abrangan algún dos seguintes ámbitos: novas propostas didácticas, metodoloxías activas e colaborativas, transformación na organización de centro, convivencia, inclusión, aprendizaxe integrado de linguas, competencia dixital, STEM ou avaliación.

Cuarto. *Modalidades de participación*

- Modalidade A: visita de observación a centros de referencia no espazo internacional. A esta modalidade só poderán optar aqueles centros participantes neste programa na convocatoria anterior (2017/18) que no seu proxecto amosen evidencias de ter consolidado a observación docente no seu claustro ou que neste curso teñan un PFPP da liña de traballo f) a “*Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros*”.

- Modalidade B: intercambio de observación interautonómico con un centro de cada unha das comunidades autónomas participantes (Principado de Asturias, Castilla y León e La Rioja).

- Modalidade C: intercambio de observación con un centro educativo de Castilla y León.

Para participar en calquera das modalidades é necesario que os centros teñan solicitado un PFPP na liña de traballo f), nomeada anteriormente, para o curso 2018/19. De non ser o caso seralles asignado un PFPP de oficio que porá en práctica a observación entre iguais no propio centro antes da primeira visita.



Quinto. *Selección de centros educativos*

1. Será preciso presentar un breve proxecto (cun máximo de 10 páxinas) segundo se indica no Anexo I no que se recollan:

- Introducción do contexto do centro
- Xustificación da solicitude en función do Modelo de Competencias Profesionais Docentes publicado na páxina do Centro Autonómico de Formación e Innovación (*en diante CAFI*) na ligazón <http://www.edu.xunta.gal/portal/cafi>
- Descrición actual con respecto a boas prácticas educativas ou de innovación xa consolidadas ou en desenvolvemento no centro educativo.
- Identificación de obxectivos e intereses para realizar a observación entre iguais e para observación entre membros dos equipos directivos.
- Relación de participantes especificando especialidade, materia e cargo de ser o caso.
- Avaliación do desenvolvemento do programa no centro educativo.

2. Criterios de baremación das solicitudes presentadas:

- Valoración do proxecto ata un máximo de 8 puntos. Será necesario acadar un mínimo de 4 puntos no proxecto para poder ser seleccionado.
- Outros méritos, ata un máximo de 4 puntos:
 - Aqueles centros premiados na Convocatoria dos Premios a Proxectos de Formación Permanente do Profesorado dirixidos aos centros docentes que participan nos plans de formación permanente do profesorado implantados en centros educativos públicos. 1 punto.
 - Aqueles centros que desenvolveran un PFPP de calquera temática nos últimos dous anos. 1 punto.





- Aqueles centros que desenvolven ou desenvolveran un proxecto europeo nos últimos dous cursos: PAP, Erasmus +, eTwinning. 1 punto.

- Aqueles centros que desenvolven ou desenvolveran un proxecto de innovación. 1 punto.

- Aqueles centros participantes nos programas Proxecta, Educación Responsable, PITEAS ou outros programas que poidan ser considerados de interese. 1 punto.

- Aqueles centros que contan con certificación de calidade. 1 punto.

Requirirase a achega de documentación xustificativa só en caso de non conformidade coa baremación de cada apartado.

3. Os centros participantes expresarán a orde de preferencia elixida con respecto ás distintas modalidades deste programa no Anexo II.

4. Na selección de centros participantes para a modalidade C terán prioridade aqueles centros que non participaron en convocatorias anteriores deste programa.

5. O número máximo de centros seleccionados será de oito, catro centros de educación primaria e catro centros de educación secundaria:

- Modalidade A: Un centro de educación primaria e o de educación secundaria realizarán unha visita de observación a centros de referencia no espazo europeo.

- Modalidade B: Un centro de educación primaria e un centro de educación secundaria participarán na fase interrexional xunto co Principado de Asturias, Castilla y León e La Rioja.

- Modalidade C: Dous centros de educación primaria e dous centros de educación secundaria participarán na fase interrexional con Castela e León.



6. Os centros seleccionados serán asignados ás distintas modalidades en función da baremación obtida e das preferencias manifestadas no Anexo II.
7. En caso de empate no baremo darase prioridade a centro que obteña maior puntuación no proxecto.
8. O CAFI coordinará o programa e fará o seguimento do seu desenvolvemento ao longo de todo o proceso.

Sexto. Desenvolvemento do programa

O programa desenvolverase ao longo do curso 2018-2019, de acordo co contido e estrutura determinados no Anexo III desta resolución, e basearase nunha metodoloxía construtivista de observación e coavaliación.

Unha vez resolta a selección de participantes, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitará a través do CAFI instrucións específicas e distribuirá as ferramentas precisas para desenvolver tanto a fase de comunicación e intercambio entre centros como a fase de observación e avaliación do programa. A xestión e seguimento dos proxectos corresponderá ao CAFI.

Os participantes no programa realizarán un máximo de 8 horas de formación presencial, incluídas na certificación, ao comezo e ao final do programa *Observa_Acción*. Estas sesións de formación terán lugar no CAFI.

Sétimo. Avaliación final do proxecto

Unha vez desenvolvidas as distintas actividades de formación e de observación que integran o proxecto, en cada unha das súas accións, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa coa colaboración do CAFI, realizará unha avaliación final do proxecto, segundo os instrumentos de avaliación deseñados e elaborados por este último, na que se terán en conta os seguintes apartados:

- a) Avaliación da participación no programa: nivel de satisfacción mediante cuestionarios específicos elaborados para ese efecto.



b) Avaliación de impacto: nivel de aplicabilidade das competencias adquiridas no propio contexto educativo.

c) Avaliación de proceso: revisión dos diarios de aprendizaxe e intervencións nos espazos de intercambio.

d) Reflexión final e avaliación do programa realizada de forma conxunta entre os docentes do centro educativo participante.

Oitavo. *Certificación do programa*

Segundo o establecido no artigo 37 da Orde de 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa recoñecerá a participación activa e satisfactoria no programa como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación.

Noveno. *Financiación do proxecto*

Os gastos derivados do desenvolvemento do proxecto corresponderán á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia

Décimo. *Solicitud e documentación necesaria*

Cada centro poderá enviar unha única solicitude segundo Anexo II debidamente cumplimentada e asinada pola persoa directora do centro. Devandita solicitude virá acompañada do proxecto elaborado para o programa.

Tanto a solicitude (Anexo II) como o proxecto deberán presentarse a través de calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>). Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ademais, tanto o Anexo II como a documentación remitiranse ao correo electrónico cafi@edu.xunta.es.



Décimo primeiro. *Prazo de solicitude*

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación será de 10 días hábiles desde o día seguinte á publicación da presente resolución no portal educativo.

Décimo segundo. *Publicación*

No prazo de 10 días a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicará no portal educativo un listado cos centros seleccionados, centros suplentes e centros excluídos. Contra dita resolución poderán efectuarse as alegacións que se estimen oportunas no prazo de 3 días hábiles mediante o seu envío ao correo cafi@edu.xunta.es. En caso de producirse baixas ou renuncias, o CAFI porase en contacto cos centros suplentes.

Décimo terceiro. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Santiago de Compostela, 31 de Outubro de 2018

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





Anexo I

Proxecto de solicitude de participación no programa

I. Introducción:

1. O centro e o seu contexto.

II. Xustificación (*)

1. Motivación para participar, intereses e necesidades
2. Descrición da situación actual do centro con respecto a innovación educativa en calquera ámbito de aplicación
3. Título do PFPP de observación docente e número de persoas participantes no mesmo ou compromiso de participación na liña de oficio asignada.

III. Obxectivos competenciais

1. Obxectivos para o perfil de equipos directivos
2. Obxectivos para o perfil docente

IV. Avaliación

V. Participantes

1. Equipos directivos
2. Docentes: especialidade e materias impartidas no presente curso

VI. Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais

(*) Para a modalidade A os centros candidatos terán que aportar no seu proxecto evidencias de ter consolidado a observación docente no seu claustro.





Anexo II

PROCEDEMENTO RESOLUCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EXPERIMENTAL “OBSERVA_ACCIÓN”	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--------------------------------

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL				CÓDIGO		NIF	
<input type="text"/>				<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

PARTICIPANTES				
CARGO	NOME	APELIDOS	NIF	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

INDICAR A ORDE DE PRIORIDADE DO 1 AO 3 (ONDE 1 É A OPCIÓN MÁIS PRIORITARIA E 3 A MENOS PRIORITARIA)

MODALIDADE A: visita de observación a centros de referencia no espazo internacional.

MODALIDADE B: intercambio de observación interautonómico co Principado de Asturias, Castilla y León e La Rioja

MODALIDADE C: intercambio de observación con un centro educativo de Castilla y León

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE E SELO DO CENTRO				
Lugar e data				
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
<input type="text"/>		<input type="text"/>	de	<input type="text"/>





Anexo III

1. O programa terá as seguintes fases interrelacionadas ao longo dun curso académico de duración:

a) Fase de formación inicial para todos os participantes no programa.

b) Fase de toma de contacto entre centros irmandados previa á observación, creando unha canle de comunicación e intercambio entre os mesmos.

c) Fase de intercambio: levarase a cabo do seguinte modo nas diferentes posibilidades de participación:

- Modalidade A: observación intercentros internacional. Participarán ata un máximo de 4 docentes e 1 representante do equipo directivo que se desprazarán ata as sedes dos centros anfitrións dentro do ámbito xeográfico europeo.
- Modalidades B e C: observación intercentros con outras comunidades autónomas do Estado colaboradoras no programa. Faranse asociacións de centros que desenvolverán procesos de observación mutua considerando as necesidades e intereses analizados no proxecto presentado para participar no programa. O equipo dun centro (a persoa directora ou representante do equipo directivo xunto con catro persoas do claustro) visitará o centro ou centros asociados ao longo de dúas xornadas lectivas completas. Este proceso realizarase posteriormente á inversa e recibirán aos participantes do centro irmandado no propio centro educativo.

d) Fase de coavaliación e avaliación final: abrangue unha reflexión para a innovación e a mellora da propia práctica docente a nivel individual e de centro.

